

b) Documentación a presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

c) Lugar de presentación: no Rexistro Xeral de Antas de Ulla, de 08:30 a 14:30 horas.

d) Apertura de proposicións: nos tres días seguintes a aquel no que finalice o prazo de presentación de proposicións.

e) Gastos de anuncios: Serán por conta do adxudicatario.

Antas de Ulla, a 1 de xuño do 2018.- O alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 1595

BARALLA

Anuncio

Estando próximo a vencer o período –catro anos- polo que se nomeou Xuíz de Paz titular deste Concello, en cumprimento do preceptuado no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, publícase a seguinte convocatoria:

1.- OBXECTO.- Elección do Xuíz de Paz titular de Baralla polo Pleno da Corporación.

2.- REQUISITOS.-

- Ser español.
- Maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

3.- INCOMPATIBILIDADES.- As causas de incompatibilidade a que se refiren os artigos 389 e seguintes da devandita Lei 6/85 operarán con posterioridade ó nomeamento, mediante a oportuna opción que efectúen os nomeados. O exercicio de actividades profesionais ou mercantís non constitúen causa de incompatibilidade.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles que se computarán a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE Á SOLICITUDE.

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación médica, acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da función xudicial.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
- Declaración complementaria de conducta cidadá a que se fai referencia no artigo 2 da Lei 68/80 no seu punto 1 a).
- Xustificante dos méritos que alegue o solicitante.

6.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Baralla, nos días de oficina de 10:00 a 14:00 horas ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Baralla, 8 de xuño de 2018.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 1596

CASTRO DE REI

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vistas as solicitudes de Juan José Díaz Valiño, Roberto Lorenzo Fernández, Ana María Canto Rodríguez e Antonio Balado Teijeiro, na súa condición de alcalde e concelleiros do concello de Castro de Rei durante o período 2007-2011, do reintegro dos gastos de representación e defensa en proceso penal no que resultaron absoltos.